



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AS CIFRAS DE POBOACIÓN

Ano 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Cifras de poboación no 1 de xaneiro de 2020

- A poboación galega aumentou en 2.151 persoas durante o ano 2019 e alcanzou os 2.702.592 habitantes no 1 de xaneiro de 2020. En termos relativos a poboación incrementouse nun 0,08% fronte ao descenso do 0,10% rexistrado ao longo do ano anterior.
- No conxunto de España, a poboación aumentou nun 0,84% en 2019, e acadou a cifra de 47.332.614 habitantes..
- Diminuíu a poboación no ano 2019 en tres comunidades autónomas, Extremadura, Asturias e Castilla y León, e nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.
- O saldo migratorio en Galicia de 2019 presentou signo positivo.

Poboación residente segundo grupos de idade. GALICIA. 1 de xaneiro de 2020

Taxa de variación do total e achegas de cada grupo de idade en %		Poboación	Var. resp. ano anterior (%)
0,1	Total	2.702.592	0,1
-0,1	De 0 a 14 anos	317.263	-1,0
0,1	De 15 a 24 anos	220.616	1,4
-0,6	De 25 a 44 anos	669.172	-2,5
0,4	De 45 a 64 anos	808.095	1,5
0,1	De 65 a 84 anos	555.804	0,5
0,2	De 85 e máis anos	131.642	4,3

Cifras de poboación no 1 de xaneiro de 2020

1. Información xeral


A poboación galega aumentou en 2.151 persoas durante o ano 2019, alcanzando os 2.702.592 habitantes no 1 de xaneiro de 2020. En termos relativos a poboación incrementouse nun 0,08% fronte ao descenso do 0,10% rexistrado ao longo do ano 2018.

Poboación residente

	01/01/2019	01/01/2020	% Var. Anual
GALICIA	2.700.441	2.702.592	0,1 %
ESPAÑA	46.937.060	47.332.614	0,8 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

Este incremento da poboación galega inferior ao da poboación do total de España fai que o peso relativo da primeira con respecto á segunda diminúa ao 5,71%.



O incremento poboacional en Galicia durante o ano 2019 débese a un saldo migratorio total (entradas menos saídas) positivo de 17.809 persoas que compensa o saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) negativo de 15.550 persoas:

Evolución demográfica de Galicia

	Ano 2019
Poboación residente o 1 de xaneiro de 2019 (A)	2.700.441
Saldo vexetativo (B)	-15.550
Saldo migratorio (C)	17.809
Axuste correccións estatísticas (D)	-108
Poboación residente o 1 de xaneiro de 2020 (A+B+C+D)	2.702.592

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

Por idades, o incremento da poboación no ano 2019 produciuse no rango de poboación entre 10 a 24 anos, que aumentou en 5.002 persoas (un 1,5%), no grupo de 45 a 64 anos, no que o incremento foi de 11.722 persoas (un 1,5%), no de 70 a 79 anos, con incremento de 10.420 persoas (un 3,7%) e no colectivo de persoas de 85 ou máis anos, que no seu conxunto aumentou en 5.402 persoas (un 4,3%). Pola contra, diminuíron con respecto ao ano anterior tanto a poboación de menores de 10 anos como o grupo de 25 a 44 anos un 2,5%, e o grupo de idade de 80 a 84 anos, un 7,5%.

Por sexo, continúa a ser superior o número de mulleres que de homes en Galicia nos grupos de idade a partir dos 40 anos.

Poboación residente por sexo e idade. GALICIA

	1 de enero de 2020			Crecemento absoluto en 2019			Crecemento relativo en 2019		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total	2.702.592	1.304.147	1.398.445	2.151	693	1.457	0,1 %	0,1 %	0,1 %
0 a 4 anos	91.932	47.400	44.532	-3.330	-1.826	-1.504	-3,5 %	-3,7 %	-3,3 %
5 a 9 anos	108.221	56.198	52.023	-1.899	-852	-1.047	-1,7 %	-1,5 %	-2,0 %
10 a 14 anos	117.110	60.474	56.636	1.866	970	896	1,6 %	1,6 %	1,6 %
15 a 19 anos	111.319	57.540	53.780	2.266	1.242	1.024	2,1 %	2,2 %	1,9 %
20 a 24 anos	109.297	56.000	53.297	870	490	379	0,8 %	0,9 %	0,7 %
25 a 29 anos	122.169	62.118	60.052	-2.256	-1.145	-1.111	-1,8 %	-1,8 %	-1,8 %
30 a 34 anos	140.140	70.304	69.836	-4.499	-2.335	-2.164	-3,1 %	-3,2 %	-3,0 %
35 a 39 anos	181.717	91.131	90.586	-8.999	-4.526	-4.474	-4,7 %	-4,7 %	-4,7 %
40 a 44 anos	225.146	112.180	112.966	-1.505	-1.127	-378	-0,7 %	-1,0 %	-0,3 %
45 a 49 anos	217.957	108.556	109.400	2.967	1.947	1.020	1,4 %	1,8 %	0,9 %
50 a 54 anos	209.566	102.795	106.770	2.781	1.199	1.582	1,3 %	1,2 %	1,5 %
55 a 59 anos	197.154	96.099	101.055	1.908	753	1.155	1,0 %	0,8 %	1,2 %
60 a 64 anos	183.418	88.475	94.943	4.067	1.946	2.121	2,3 %	2,2 %	2,3 %
65 a 69 anos	163.926	78.020	85.906	-116	-154	38	-0,1 %	-0,2 %	0,0 %
70 a 74 anos	159.265	73.640	85.625	1.729	933	796	1,1 %	1,3 %	0,9 %
75 a 79 anos	130.560	57.595	72.965	8.691	4.043	4.648	7,1 %	7,6 %	6,8 %
80 a 84 anos	102.053	41.240	60.813	-7.791	-2.834	-4.957	-7,1 %	-6,4 %	-7,5 %
85 a 89 anos	83.850	30.240	53.610	2.867	1.107	1.761	3,5 %	3,8 %	3,4 %
90 a 94 anos	36.714	11.385	25.329	1.957	743	1.214	5,6 %	7,0 %	5,0 %
95 a 99 anos	9.886	2.536	7.350	519	108	411	5,5 %	4,5 %	5,9 %
100 ou máis anos	1.192	220	972	59	12	47	5,2 %	5,6 %	5,1 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

Por nacionalidade, o número de estranxeiros en Galicia en 2019 aumentou un 12,5%, ata situarse en 116.255 persoas (o 4,3% da poboación residente en Galicia). Incrementáronse os españois residentes en Galicia nados no estranxeiro, nun 2,8% e os nados en España pero con nacionalidade estranxeira, nun 9,4%.

Poboación residente por nacionalidade e lugar de nacemento. GALICIA

	1 de xaneiro de 2020			Crecem. absoluto ano 2019			Crecem. relativo ano 2019		
	Lugar de nacemento			Lugar de nacemento			Lugar de nacemento		
	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.
Total	2.702.592	2.453.171	249.421	2.151	-13.950	16.101	0,1 %	-0,6 %	6,9 %
Españois	2.586.337	2.446.491	139.846	-10.728	-14.523	3.795	-0,4 %	-0,6 %	2,8 %
Estranxeiros	116.255	6.680	109.575	12.879	573	12.306	12,5 %	9,4 %	12,7 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

2. Información por provincias

As provincias galegas occidentais aumentaron a súa poboación durante 2019, e concentran no seu conxunto o 76,5% da poboación de toda Galicia. Polo contrario continúan a perder poboación as provincias de Lugo (0,4%) e Ourense (0,3%).

Poboación residente. Provincias

	01/01/2019	01/01/2020	% Var. Anual
GALICIA	2.700.441	2.702.592	0,1 %
A Coruña	1.122.007	1.123.550	0,1 %
Lugo	329.587	328.169	-0,4 %
Ourense	307.841	306.872	-0,3 %
Pontevedra	941.007	944.001	0,3 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

3. Información por comunidades autónomas

No conxunto de España, a poboación incrementouse en 395.554 persoas durante 2019. Tres CC.AA. perderon poboación: Castilla y León, 6.426, Extremadura, 3.444 e Asturias con 3.306 habitantes menos. En cambio, a Comunidad de Madrid e Cataluña foron as que gañaron máis poboación en termos absolutos en 2019, con 105.420 e 85.918 habitantes máis, respectivamente.

En termos relativos, Castilla y León, Extremadura e Asturias perderon un 0,3% da súa poboación en 2019. Por outra parte, Illes Balears é a comunidade na que maior incremento relativo se produciu, un 1,9%.

Poboación residente. Comunidades Autónomas

	01/01/2019	01/01/2020	Crecem. absoluto	% Var. Anual
Total Nacional	46.937.060	47.332.614	395.554	0,8 %
Andalucía	8.427.404	8.478.084	50.679	0,6 %
Aragón	1.320.586	1.330.333	9.747	0,7 %
Asturias, Principado de	1.022.205	1.018.899	-3.306	-0,3 %
Balears, Illes	1.188.220	1.210.725	22.505	1,9 %
Canarias	2.206.901	2.236.992	30.091	1,4 %
Cantabria	581.641	582.388	746	0,1 %
Castilla y León	2.407.733	2.401.307	-6.426	-0,3 %
Castilla - La Mancha	2.034.877	2.045.554	10.677	0,5 %
Cataluña	7.566.430	7.652.348	85.918	1,1 %
Comunitat Valenciana	4.974.969	5.029.341	54.372	1,1 %
Extremadura	1.065.424	1.061.979	-3.444	-0,3 %
Galicia	2.700.441	2.702.592	2.151	0,1 %
Madrid, Comunidad de	6.641.648	6.747.068	105.420	1,6 %
Murcia, Región de	1.487.663	1.504.869	17.206	1,2 %
Navarra, Comunidad Foral de	649.946	656.509	6.563	1,0 %
País Vasco	2.177.880	2.189.138	11.258	0,5 %
Rioja, La	313.571	315.931	2.360	0,8 %
Ceuta	84.829	84.085	-745	-0,9 %
Melilla	84.689	84.473	-217	-0,3 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

4. Nota metodolóxica

A operación estatística *Cifras de poboación*, elaborada polo *Instituto Nacional de Estadística* (INE), proporciona unha estimación da poboación residente en España, en cada comunidade autónoma, provincia e illa (nas provincias insulares), desagregada segundo características demográficas básicas, coma o sexo e a idade. Estas cifras constitúen a cifra de poboación utilizada na produción estatística como poboación de referencia (enquisas, sistemas de contas, indicadores, proxeccións de poboación, ...) e transmítense a nivel internacional como datos oficiais de poboación a todos os efectos.